

EMPEZAMOS A NOVA TEMPADA

CONTIDO:

Empezamos a nova tempada

Torneo basket 3*3

Actividades previstas

Cotas ó cobro

Recuncho de Patarego

Empezamos a nova tempada:

Estimados socios, empezamos unha nova temporada, a 2.010 - 2.011, na que a peña cumpre o seu 13 aniversario e na que esperamos organizar moitas actividades que sexan do agrado de todo-os socios.

Logo de gañar a tempada pasada a Liga, batendo o record de puntos, e o Mundial de fútbol, esperamos neste ano seguir co bo fútbol despregado nestes últimos tempos e gañando títulos, algo que nos confirmou como o mellor equipo da Historia.

Temos que lamentar a baixa como socios dalgúns dos “históricos da peña”, amigos que formaban parte desta familia dende a fundación da mesma, pero por motivos que non sabemos non quixeron seguir con nosoutros. Esperamos que os case 70 socios actuais sigades con nosoutros polo menos ata que cumpramos 100 anos.

Finalmente comentar que a peña está aberta a calquer sugerencia ou crítica por

parte dos nosos socios, agardando a participación e colaboración nos actos que se celebren este ano e dos que pasamos a dar un pequeno avence, empezando polos máis próximos.

Torneo Basket 3*3:

Chegamos á 4ª edición deste torneo veraniego. Trástase dun torneo de baloncesto 3*3, que está aberto á participación de todos, socios e non socios e con inscrición gratuita. Celebrarase o día 14 de agosto, a partir das 11.00 h., na pista deportiva sita a carón da Igrexa de San Miguel de Reinante.

O sistema de competición consiste nunha primeira fase de liguilla, pasando posteriormente a unha fase de eliminatorias ata coñecer o gañador.

Os interesados en participar debedes contactar con Jose ou Suso, e se coñeces a alguén que poida estar interesado podedes comentarllo. A inscrición remata o día 13 de agosto.

Os que non participades xogando, podedes participar como espectadores, seguro que pasades unha mañá entretida.

Ánimo e a participar.

Actividas previstas:

Agora pasamos enumerar algunhas das actividades previstas para facer ó

longo desta tempada.

O día 4 de setembro celebraremos a churrascada de comezo de tempada, nela decidiremos os desprazamentos para este ano, así que debedes traer o calendario estudiado e as vosas propostas.

Este mesmo día, temos previsto organizar un torneo de Fútbol 7 de Peñas Barcelonistas. Temos confirmado a presenza de 3 peñas da zona e supoñemos que se animará algunha máis. Estas peñas tamén participarán na churrascada, esperando sexa unha xornada de confraternidade.

Todo isto se celebrará no campo de fútbol de San Miguel, e para este evento sí que necesitaremos a colaboración de todos, tanto para facer un equipo, (o entrenador é da zona de Foz), para preparar as instalacións, preparar a comida ... así que xa nos podedes ir comentando as vosas intencións e suxerencias, pero recalcamos que sen a colaboración e participación dos socios, non se poden levar a cabo as actividades.

Máis adiante están as viaxes para ver en directo ó Barça. Coruña e Xixón, pola súa cercanía son candidatas, pero queda outra viaxe máis longa, que como comentamos antes, decidirásese o día da churrascada.

A cena de Nadal, que será o día 18 de decembro e en maio ou xuño será a de remate de tempada.

Reunirémonos para ver por TV os partidos do Barça, facendo convocatorias especiais para os partidos máis importantes.

A Asamblea Xeral, na que se elegerá a

nova xunta directiva celebrarase aproveitando a cena de Nadal.

Pero esperamos que non rematen aquí, xa que esperamos as iniciativas e suxerencias dos socios.

Comentar finalmente que se algún socio quere facer unha viaxe pola súa conta, a peña está para axudarlle no posible.

Cotas ó cobro:

Dende hoxe está aberto o prazo para o pago das cotas de socio. Os que tedes domiciliado o pago, contade que a finais de agosto se pasará o recibo, os demais podedes proceder como é habitual, pago en efectivo a un directivo ou ingreso nas contas da peña:

Caixa Galicia: 2091 0142 57 3040004289

Banco Pastor: 0072 0219 69 0000101431

La Caixa: 2100 4949 63 2200015422

Lembrede que mentres non se esté ó corrente nos pagos non se teñen os plenos dereitos de socio, nin se entregará o novo carnet.

O prazo remata o 19 de decembro, pero rogamos se faga efectivo o antes posible, para unha mellor organización da peña.

Outra novidade. neste ano vémonos na necesidade de subir un pouco a cota de socio, pasando a ser de 36,00 € por socio. Dende a fundación da peña estabamos co mesmo importe e como comprenderedes, dende hai 13 anos a vida subiu moito, polo que este incremento é necesario para seguir coas actividades da Peña.

Finalmente poñeremos á venda a lotería de Nadal que tamén é unha boa fonte de ingresos, e para o que solicitaremos a colaboración de todos.